



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Dáse publicidade do literal do Decreto Nº 729/2024 de día 25.11.2024 no que se convoca a sesión ordinaria do Pleno do Concello de Ponte deume.

«Descrición decreto: **EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DÍA 28 DE NOVEMBRO DE 2024**

**EXPEDIENTE Nº 2024/G010/000016**

**DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).**

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e o artigo 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes concluídos redactada pola secretaria accidental da Corporación o día 25.11.2024, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, e o artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** - Convocar a todas as concelleiras e concelleiros membros do concello Pleno á Sesión Ordinaria que terá lugar no Salón de Sesións da Casa Consistorial, o próximo **xoves día 28.11.2024 ás 12.00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no art. 90 do R.O.F., entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

**SEGUNDO.** - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

**1. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DÍA INTERNACIONAL DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA ÁS MULLERES.**

**2. LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES: SESIÓN ORDINARIA DE DÍA 31.10.2024 E SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE DE DÍA 07.11.2024**

**3. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS F/2024/36**

**4. ORZAMENTO MUNICIPAL 2025. CADRO DE PERSOAL E LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO**

**5. MODIFICACIÓN DO ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNS DE TRABAJO DO PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE PONTEDEUME**





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**6. MOCIÓN PSOE: CREACIÓN DUNHA UNIDADE DE REHABILITACIÓN CARDÍACA NA ÁREA SANITARIA DE FERROL.**

**7. DAR CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA. (EXECUCIÓN DO 3º TRIMESTRE DE 2024)**

**8. ASUNTOS DE URXENCIA**

**9. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA**

**10. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.**

**11. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.**

**TERCEIRO.-** Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á Secretaria Xeral e á Interventora Municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. ([www.pontedeume.gal](http://www.pontedeume.gal))

**CUARTO.-** Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde don Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, María Roca Vázquez, como Secretaria accidental, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).»

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola persoa funcionaria tramitadora así como pola Secretaria accidental do concello de Ponte deume María Roca Vázquez. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

